



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE CONCURSO DE MÉRITOS PARA A SELECCIÓN DUN/HA TRABALLADOR/A SOCIAL NA MODALIDADE DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL E A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO TEMPORAL DE TRABALLADORES/AS SOCIAIS NO CONCELLO DE IRIXOA.

Primeira.- Obxecto da convocatoria e bases.

As presentes bases teñen por obxecto regular o procedemento de selección dun/ha traballador/a social na modalidade de persoal laboral temporal mediante a creación dunha bolsa de traballo que sirva para a cobertura transitoria de postos de traballo vacantes ata a súa cobertura definitiva, para a substitución transitoria dos titulares nos casos en que estén en situación de excedencia ou suspensión de contrato ou no suposto de exceso ou acumulación de tarefas na actividade normal do servizo cunha duración máxima de seis meses dentro dun período de doce, contados dende o momento no que teñan lugar ditas causas.

Segunda.- Supostos de aplicación

2.1. Os postos vacantes que puidarán ser cubertos mediante un/unha candidato/candidata que formen parte da bolsa de traballo será aqueles que se produzan como consecuencia dalgún dos supostos seguintes:

- Cobertura transitoria de postos de traballo vacantes ata a súa cobertura definitiva.
- Substitución transitoria dos titulares nos casos en que estean en situación de excedencia ou suspensión de contrato.
- Exceso ou acumulación de tarefas na actividade normal do servizo. Duración máxima: seis meses dentro dun período de doce, contados dende o momento no que teñan lugar ditas causas.

2.2. A relación laboral extinguirase:

- Pola reincorporación do/a traballador/a titular do posto.
- Por finalización da causa que o orixinou.
- Por calquera outra causa que finalice a relación laboral/funcionarial do/a substituto/a
- Nos contratos por exceso ou acumulación de tarefas serán de periodos improrrogables de seis meses en período de 12.

Terceira.- Condicións laborais

3.1. DENOMINACIÓN DA PRAZA: Traballador/a Social-

3.2. GRUPO DE TITULACIÓN: Grupo A2 / grupo 2.

3.3. XORNADA: completa.

3.4. DURACION: As propias expresadas no contrato, segundo o tipo de mesmo.

3.5. TAREFAS: as propias da titulación nos servizos sociais comunitarios do Concello de Irixoa.

3.6. RETRIBUCIÓN: 2.590,00 euros, no que se inclúen todos os conceptos retributivos, entre outros o prorrateo de pagas extras.

3.7. De acordo coa normativa de selección aplicable, o sistema que se utilizará para a selección será o concurso de valoración de méritos acreditados polas/os aspirantes.



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

Cuarta.- Requisitos dos candidatos.

4.1. Para ser admitidos/as no proceso selectivo, os/as aspirantes terán que reunir no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:

- Nacionalidade. Cúmrese este requisito nos seguintes casos:

- a) Ter a nacionalidade española;

- b) Ser nacional doutros estados aos que se refire e nas condicións que establece o artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público.

- Idade. Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non ter alcanzado a idade máxima de xubilación forzosa.

- Titulación. Estar en posesión, ou en condicións de obtelo, do título de Grao en Traballo Social, ou equivalente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite a súa homologación.

Coñecemento da lingua galega; Celga 4

- Capacidade funcional: Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

- Habilitación e compatibilidade: Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para o exercicio de funcións públicas; non estar incurso en causas de incompatibilidade, de conformidade co establecido na Lei 53/1984, normativa electoral e da función pública

Quinta.- Solicitudes

5.1. As persoas interesadas en tomar parte no proceso selectivo terán que facelo constar en instancia xeral que estará dispoñible na sede electrónica do Concello de Irixoa (<https://sede.irixoa.es>).

5.2. Para poder ser admitido/a no proceso selectivo, deberá presentarse orixinal ou copia da seguinte documentación:

- Documento nacional de identidade ou acreditación dos requisitos de nacionalidade e idade.

- Título ou acreditación do requisito de titulación correspondente.

- Acreditación do coñecemento de lingua galega, CELGA 4.

- Relación dos méritos que se acrediten, por cada un dos apartados de que conste o concurso. Para xustificar a experiencia laboral, será imprescindible presentar o informe de vida laboral completo e actualizado xunto cos contratos laborais ou certificados de servizos prestados na administración pública.



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

- Documentación xustificativa do ingreso en conta municipal dos dereitos de exame: 28,00 €. (O pago dos dereitos de exame farase mediante ingreso na conta municipal de ABANCA **ES02 2080 0092 1631 1000 0018** facendo constar o nome da persoa aspirante e o posto de traballo ao que opta).

A documentación requirida deberá achegarse xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo. Non se terán en conta para a valoración dos méritos os documentos que non queden debidamente acreditados dentro do prazo de presentación de instancias

5.3. Na instancia presentada, o/a solicitante declarará baixo a súa responsabilidade que as copias da documentación que achega á mesma, son fiel reflexo dos orixinais que obran no seu poder.

5.4. O prazo para a presentación das solicitudes será de **dez días naturais**, contados desde o seguinte ao da publicación do anuncio de convocatoria na sede electrónica do Concello de Irixoa (<https://sede.irixoa.es>), e no Boletín Oficial da Provincia.

5.5. A presentación de solicitudes poderá realizarse nos Rexistros xeral ou electrónico do Concello de Irixoa ou en calquera das formas establecidas no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. O horario público do Rexistro xeral do Concello de Irixoa é de 9:00 a 14:00 horas de luns a venres; o rexistro electrónico funciona permanentemente na sede electrónica do concello (<https://sede.irixoa.es>).

Sexta.- Admisión de aspirantes.

6.1. Lista provisional. Unha vez que remate o prazo de presentación de instancias, por resolución do alcalde aprobarase a lista provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as, con indicación das causas de exclusión, de ser o caso. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello (www.irixoa.es).

6.2. Prazo reclamacións. Os/as aspirantes non admitidos/as disporán dun prazo de **dous días hábiles**, contados dende o seguinte ao da publicación da lista provisional de admitidos/as e excluídos/as no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello, co fin de emendar o defecto subsanable que motivara a súa non admisión.

6.3. Lista definitiva. Unha vez que remate o prazo de reclamacións, por resolución do alcalde aprobarase a lista definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as. Esta resolución publicarase do mesmo xeito que a lista provisional.

Sétima.- Comisión de valoración.

7.1. A comisión de valoración será colexiada e deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade. A súa composición será predominantemente técnica e os seus membros deben ser persoal funcionario de carreira ou laboral fixo e pertencer a un corpo, escala, categoría profesional no que se requira para o ingreso, unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

para participar no proceso selectivo. A comisión queda facultada para todo o necesario ata a proposta de selección, incluído a interpretación e aplicación das presentes bases.

7.2. A comisión de valoración estará composta por un/unha presidente, un/unha vogal e un/unha secretario/a, procurando a paridade entre muller e home. A composición nominal do tribunal establecerase na resolución na que se aprobe a lista definitiva de aspirantes admiti-dos/as e excluídos/as.

7.3. Os membros da comisión de valoración terán que absterse de intervir, notificando esta circunstancia ao alcalde/sa, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público ou se encargaran das tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. O/a alcalde/sa poderá solicitar dos membros da comisión de valoración declaración expresa de non atoparse incursos na obriga de abstención regulada nesta base. Os/as aspirantes poderán recusar aos membros da comisión de valoración cando concorran as circunstan-cias de abstención reguladas nesta base.

7.4. A comisión de valoración non poderá constituírse sen a presenza, polo menos, do/a presidente/a e o/a secretario/a.

7.5. Todos os membros da comisión de valoración terán voz e voto. A comisión de valoración queda autorizada para resolver cantas dúbidas poidan presentarse e para adoptar os acordos que garantan a boa orde da convocatoria, en todo o non previsto polas presentes bases e a normati-va aplicable. O réxime xurídico de actuación da comisión axustarase ao disposto na Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público.

Oitava. Valoración de méritos.

Os méritos dos aspirantes, valoraranse de acordo co baremo establecido nos apartados seguintes. O tribunal non poderá valorar o non alegado e probado polos aspirantes nos documentos achegados no momento de presentar a solicitude para a admisión ás probas selectivas.

A puntuación máxima que se poderá obter é de 70 puntos.

8.1. A valoración dos méritos acreditados polas/os aspirantes farase de acordo co seguinte baremo:

a) Experiencia profesional como traballador/a social nunha administración pública ou nunha empresa privada ou entidade social (terceiro sector) debidamente rexistrada no Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais durante os últimos 10 anos.

O cómputo do tempo de traballo será referido a xornada completa. Os traballos a xornada parcial se computarán de forma proporcional (por exemplo, a media xornada se computará ó 50% a efectos de puntuación).

Non se computarán os periodos (número de días) que non supoñan meses completos.



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

A puntuación máxima deste apartado será de 40 puntos.

- Servizos sociais comunitarios básicos da administración pública local: 0,30 puntos por mes completo de traballo a xornada completa.
- Servizos sociais comunitarios específicos da administración pública local: 0,20 puntos por mes completo de traballo a xornada completa.
- Servizos sociais comunitarios de empresas privadas ou entidades social (terceiro sector): 0,10 puntos por mes completo de traballo a xornada completa.
- Servizos sociais especializados: 0,05 puntos por mes completo de traballo a xornada completa.

b) Cursos de formación ou perfeccionamento relacionados co posto de traballador/a social posteriores ao 1-1-2015, impartidos pola Administración, e/ou por centros oficiais ou homologados de formación; Puntuación máxima neste apartado; 20 puntos

Cursos de duración de 20 a 49 horas: 0,10 puntos por curso.

- Cursos de duración de 50 a 99 horas: 0,20 puntos por curso.
- Cursos de duración de 100 a 250 horas: 0,30 puntos por curso.
- Cursos de máis de 250 horas: 0,50 puntos por curso.
- Máster universitario: 1 punto

Este apartado xustificarse mediante copia do diploma ou certificación da asistencia. Non se valorarán aqueles nos que non veñan claramente especificadas as horas de duración ou haxa dúbidas sobre o contido do mesmo.

Presentado mais de un curso da mesma temática ou area específica de actuación, valorarase únicamente o de maior duración.

c) Por participación en cursos, xornadas ou seminarios relativos a competencias informáticas posteriores ao 1-1-2015, impartidos pola Administración, e/ou por centros oficiais ou homologados de formación; Puntuación máxima neste apartado; 10 puntos

Cursos de duración de ata 10 horas: 0,10 puntos por curso.

Cursos de duración de 10 a 20 horas: 0,30 puntos por curso.

Cursos de duración de máis de 20 horas: 0,50 puntos por curso.

1. Pola realización de formación sobre o manexo da aplicación informática do sistema de información de usuarios de servizos sociais (SIUSS): 4,00 puntos.
2. Pola realización de formación sobre o manexo do TEDeC: 1,00 puntos
3. Pola realización de formación sobre o manexo da Historia Social Única Electrónica (HSUE): 2,50 puntos.
4. Pola realización de formación sobre o manexo da Sistema Galego de atención á dependencia (SIGAD): 2,50 puntos.



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

Presentado mais de un curso da mesma temática, valorarase unicamente o de maior duración. Este apartado xustificarse mediante diploma ou certificación da asistencia orixinal ou copia compulsada.

8.2. En ningún caso serán valorados por este apartado aqueles cursos cuxa finalidade sexa a obtención dun título académico, con excepción do indicado máster. Acreditarase mediante diploma ou certificado dos cursos realizados no que conste o número de horas de duración. Coa excepción do máster universitario, os cursos nos que non se indique de forma expresa o número de horas de duración, non se valorarán. No caso dos centros homologados, debe constar esta homologación de forma expresa na documentación presentada.

8.3. No caso de producirse empate na puntuación final, a orde establecerase mediante a aplicación sucesiva dos seguintes criterios: maior puntuación no apartado (a) do concurso; maior puntuación no apartado (b) do concurso; maior puntuación no apartado (c) do concurso. Se persistira o empate a orde establecerase por sorteo público realizado pola comisión avaliadora.

8.4. A valoración dos méritos acreditados e a proposta de selección publicarase no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello (<https://sede.irixoa.es>).

8.5. Cos datos aportados pola comisión de valoración, aprobarase por resolución do alcalde a selección do/a traballador/a social (persoal laboral temporal), obxecto da convocatoria. O contrato laboral está sometido a un período de proba de 1 mes.

Novena. Vixencia da bolsa.

Esta bolsa de emprego terá como vixencia **DOUS anos**; entendéndose como prorrogable por outro ano máis se non se convocara outra nova bolsa .

Excepcionalmente, cando quedara esgotado o listado da Bolsa de Emprego, poderá confeccionarse un listado adicional a partir da apertura dun prazo extraordinario da Bolsa de Emprego para cubrir necesidades de carácter temporal. Estas posibles convocatorias, axustaranse, en todo caso, ó disposto nas presentes Bases.

Decima. Funcionamento da bolsa.

Cando por razóns de necesidade ou urxencia por calquera dos motivos expresados nas presentes bases, sexa necesario cubrir algún dos postos de referencia procederase ao chamamento pola rigorosa orde establecida na Bolsa de Emprego. As persoas que figuren na bolsa terán a obriga de concorrer ao chamamento que se realice.

No acordo de iniciación de cobertura de cada praza exporase a necesidade e xustificación da urxencia da praza a prover así como as circunstancias que amparan a necesidade do nomeamento ou contratación do persoal.



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

As comunicacións se farán preferentemente por vía telefónica, para o cal os/as aspirantes deberán indicar ao menos un teléfono de contacto. En caso de indicar máis de un número, deberá consignarse unha orde de preferencia. A partir do momento en que se estableza o contacto telefónico o interesado disporá unicamente de 2 días hábiles para formalizar o seu contrato laboral. Se pasado dito prazo, non se recibe contestación, se entenderá que desiste, pasando ao último lugar da lista. Se admitirá o uso de correo electrónico.

Aos efectos de establecer a comunicación e en ausencia do propio/a interesado/a no número ou números indicados, bastará para entender realizado o contacto telefónico, tanto o deixar o correspondente aviso a outra persoa no número indicado, como deixar recado en contestador automático ou buzón de voz.

A persoa encargada destas comunicacións deixará constancia das mesmas, con indicación de data, hora e persoa ou sistema de contacto, mediante dilixencia no expediente (tanto se é vía telefónica como por correo electrónico)

Calquera interesado/a integrante da lista, poderá consultar esta, se ben os cambios na mesma non se notificarán persoalmente.

A presente bolsa se configura con rotación, que se producirá ao longo da vixencia da bolsa entre os integrantes da mesma en cada momento.

Os chamamentos á celebración de contratación de persoal laboral temporal farase de conformidade coa orden de puntuación obtida, coas seguintes cláusulas:

1. A renuncia a un posto de traballo ofertado supoñerá o pase do aspirante ao último lugar da bolsa de emprego, salvo que concorran unha das seguintes circunstancias:

- Parto, baixa por maternidade ou situacións asimiladas.
- Enfermidade grave que impida a asistencia ao traballo, sempre que se acredite debidamente.
- Exercicio de cargo público representativo que imposibilite a asistencia ao traballo.
- Que esté desempeñando outro posto de traballo, o que se acreditará coa correspondente copia do contrato laboral.

2. Obtida a conformidade do/a interesado/a a quen corresponda o posto, a Alcaldía procederá ao seu nomeamento ou contratación laboral, deixándose constancia no expediente da Bolsa utilizada e dos cambios que como consecuencia do chamamento se produciran na correspondente lista.



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

3. Os/as candidatos/as que non tivesen sido localizados permanecerán nos postos que ocupaban na Bolsa, á espera dun novo chamamento.
4. As persoas que renunciem a dous chamamentos na mesma bolsa ou que non foran localizadas en dous chamamentos, sen mediar xustificación, quedarán excluídas automaticamente da Bolsa.
5. Aquelas integrantes da Bolsa que unha vez citados, non se presenten á citación, entenderase que rexeitaron a esta, pasando ao derradeiro lugar da lista, salvo que exista xustificación conforme ao xa mencionado.

Decimo primeiro.- Nomeamento e formalización do contrato e réxime do mesmo.

Naqueles casos que proceda, establecerase un período de proba de quince días, conforme ó art. 14 do Estatuto dos traballadores, transcorrido este período conforme ó artigo 14 do Estatuto de Traballadores, se a persoa de que se trate o superase satisfactoriamente, adquirirá plena eficacia o contrato suscrito.

Mentres non se formalice o contrato e non se incorpore ó posto de traballo, o aspirante non terá dereito á percepción económica de ningunha clase. A formalización e continuación do contrato (dentro do período de duración establecido) queda condicionada ó mantemento do departamento de Servizos Sociais do Concello de Irixoa.

Décimo segundo.- Recursos.

Contra o acordo de aprobación das presentes bases, que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local, no prazo de 1 mes desde a súa publicación; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso- Administrativo da Coruña que corresponda, no prazo de 2 meses, desde a súa publicación. Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, se se interpuxera o potestativo de reposición, en tanto non se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do mesmo polo transcurso do prazo dun mes desde a súa interposición. Neste caso, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses desde a resolución expresa do recurso, a contar desde o día seguinte ao da notificación do mesmo; ou ben, seis meses, a contar desde o día seguinte en que deba entenderse desestimado por silencio administrativo o citado recurso potestativo de reposición.

En Irixoa, o asina o Sr. Alcalde na data que figura á marxe;